

Edicto relativo á aprobación definitiva do Regulamento de Participación Veciñal do Concello de Teo

O Pleno do Concello de Teo, en sesión celebrada o día 26 de setembro de 2007, aprobou inicialmente o Regulamento de Participación Veciñal do Concello de Teo.

O expediente e o Regulamento estiveron expostos ó público mediante anuncios inseridos no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia nº 263 do 14 de novembro do 2007, polo prazo de trinta días.

Rematado o prazo de información pública, sen que se producira ningunha reclamación, faise pública a automática aprobación definitiva do devandito regulamento, así como o texto íntegro do mesmo, en cumprimento do disposto nos artigos 49.c) e 70.2 da Lei 7/1985, de dous de abril, reguladora das bases do réxime local.

A súa publicación definitiva realizouse no **BOP Nº 21** o venres **25 de xaneiro de 2008**.

REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL NO CONCELLO DE TEO

Preámbulo

A institución municipal constitúe o órgano de administración máis próximo aos cidadáns e na que de xeito máis directo poden ser efectivos os lexítimos dereitos destes a participar na toma de decisións sobre todos aqueles asuntos que afectan á comunidade municipal, así como a acceder en condicións de máxima transparencia ao coñecemento da xestión e das decisións que no seu nome adoptan os seus representantes.

A Comunidade Autónoma de Galiza, nos artigos 251 e 257 do capítulo V, e artigos 69 a 72 do capítulo I da Lei 5/1997 de Administración Local de Galiza, e artigo 4.1.a. e capítulo 4º de Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, establece que os concellos deben promover e desenvolver unha normativa que regule a participación cidadá co recoñecemento expreso dos dereitos dos cidadáns e das entidades que os aglutinan e nas que estas se organizan, sendo estas, nomeadamente, as asociacións veciñais, as entidades deportivas, culturais, xuvenís, sindicais, profesionais, empresariais, de sector, etc., as que representan o elemento coordinador e vertebrador da colectividade.

Conscientes de que ao través dos colectivos relacionados no parágrafo anterior se expresa de xeito inequívoco o verdadeiro sentir da comunidade, cumpre pois regulamentar e establecer as canles para que poidan ser efectivizados os seus lexítimos dereitos a intervir e participar na toma de decisións en todos aqueles asuntos que lles afectan, así como establecer os mecanismos que garanten o seu dereito á información veraz, transparente e áxil ás que as sociedades democráticas teñen dereito.

O Concello de Teo, sensíbel e consciente da importancia que a participación veciñal debe acadar para garantir as mellores condicións de transparencia, eficacia e de desenvolvemento da verdadeira democracia participativa, considera ineludible a súa obriga de favorecer as mellores condicións para que isto sexa posible e, en consecuencia, aproba o presente Regulamento de Participación Veciñal como norma pola que se rexerán no futuro as relacións da institución municipal cos diversos colectivos veciñais de Teo, aos que de xeito expreso recoñece como parte fundamental do entramado cidadá.

REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais.

Artigo 1.

Son obxecto deste regulamento, a regulación das formas, medios e procedementos de información e participación dos veciños/as e entidades cidadás na xestión municipal, de acordo co establecido nos artigos 1, 4.1.a), 18, 24, e do 69 ao 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 251 a 257 da Lei de administración local de Galicia.

Artigo 2.

O Concello de Teo, a través deste regulamento, pretende acadar os obxectivos que se enumeran a continuación, e que terán o carácter de principios básicos.

- Facilitar a máis ampla información sobre as súas actividades, obras e servicios.
- Facilitar e promover a participación dos veciños/as e entidades da colectividade na xestión municipal con respecto ás facultades de decisión que corresponden aos órganos municipais representativos.
- Facer efectivos os dereitos dos veciños/as recollidos no artigo 18 da Lei reguladora das bases do réxime local.
- Fomentar a vida asociativa no Concello.
- Achegar a xestión municipal aos veciños.
- Garantir a solidariedade e o equilibrio entre os distintos núcleos de poboación do termo municipal.
- Informar acerca dos grandes temas municipais como o orzamento anual, os planos urbanísticos, a creación e modificación de ordenanzas fiscais, os planos sectoriais, os programas culturais, sociais ou de saúde, e sobre outros que o Concello considere ou que sexan solicitados pola maioría das asociacións.

TÍTULO PRIMEIRO. DA INFORMACIÓN MUNICIPAL

Artigo 3.

O Concello informará aos veciños/as da súa xestión a través dos medios de comunicación social (especialmente a través dos medios de titularidade municipal se os houbera) e mediante a edición de publicacións, páxina web do concello, folletos e bandos; a colocación de carteis, taboleiros de anuncios, paneis informativos ou cantos outros medios se consideren necesarios; ao mesmo tempo poderá recoller a opinión dos veciños/as e entidades a través de campañas de información, debates, asembleas, reunións, consultas, enquisas e sondaxes de opinión.

Artigo 4.

Nas dependencias da Casa do Concello funcionará unha oficina de información, así como un rexistro de instancias, iniciativas, queixas e reclamacións, coas seguintes funcións.

- a) Canalizar toda a actividade relacionada coa información á que se refire o artigo 3, así como o resto da información que o Concello proporcione.
- b) Informar ao público sobre os fins, competencias e funcionamento dos distintos órganos e servizos dependentes do Concello, así como dos órganos e servizos da Administración autonómica e central e da Deputación Provincial.
- c) Informar sobre os trámites administrativos polos que discorre cada expediente, e realizar o oportuno seguimento deles.

Artigo 5.

Todos os veciños e veciñas do Concello teñen dereito a:

- a) Coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados e obter copias dos documentos contidos neles.
- b) Identificar ás autoridades e ao persoal ao servizo das corporacións locais que teñan baixo a súa responsabilidade a tramitación dos procedementos.
- c) Obter copia selada dos documentos que presenten, proporcionándoa xunto cos orixinais, así como a que estes sexan devoltos agás cando teñan que constar no procedemento.
- d) Utilizar o idioma galego nas súas relacións coa corporación de Teo.
- e) Formular alegacións e proporcionar documentos en calquera fase do procedemento no que teñan a condición de interesados/as, anterior ao tramite de audiencia. Estas alegacións ou documentos deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.
- f) Obter información e orientación no tocante aos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes lle imponhan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.

- g) Acceder aos rexistros e arquivos das corporacións locais nos termos previstos na constitución e na lexislación vixente.
- h) Ser tratados con respecto e deferenza polas autoridades e funcionarios/as, que lles facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
- i) Obter copias e certificacións acreditativas dos acordos da Corporación local e os seus antecedentes.
- l) Esixir responsabilidades da Corporación local.
- ll) Presentar queixas ou suxestións por escrito e obter resposta autorizada das mesmas.
- m) Exercer calquera outro que lles recoñezan a Constitución e as leis.

Artigo 6.

- a) As solicitudes que dirixan os veciños/as a calquera órgano do Concello en pedimento de aclaracións ou actuacións municipais serán cursadas necesariamente por escrito, agás as determinadas no artigo 10, e serán respondidas nos termos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo.
- b) Cando a solicitude formule unha proposta de actuación municipal, o seu destinatario informará ao solicitante do trámite que se lle teña que dar. Se a proposta chega a tratarse nalgún órgano colexiado municipal, quen actúe de secretario deste enviará, ao proponente, no prazo máximo de 30 días, copia da parte correspondente da acta da sesión. O presidente do órgano colexiado poderá requirir a presenza do autor da proposta na sesión que corresponda, co fin de que a explique e defenda por si mesmo.

Artigo 7.

- 1.-As sesións do Pleno son públicas, agás nos casos previstos no artigo 70.1 da Lei reguladora das bases de réxime local e 253 da Lei de administración local de Galicia. Facilitarase a asistencia ou información simultánea de todo o público interesado en coñecer o desenvolvemento das sesións.
- 2.-Igualmente, os representantes dos medios de comunicación social terán acceso preferente e recibirán as máximas facilidades para cumprir o seu traballo.
- 3.-Co obxecto de facilitar o acceso á información dos veciños e veciñas, especialmente naqueles temas que lle son máis próximos, os medios de información municipais, si os houbera, darán a máxima cobertura, informando en directo das sesións dos plenos municipais e repetindo a información 24 horas mais tarde..

Artigo 8.

Non son públicas as sesións da Comisión de Goberno nin das comisións informativas. Sen embargo, ás sesións destas últimas poderá convocarse -co único efecto de escoitar o seu parecer ou recibir o seu informe nun tema concreto-, a representantes das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños.

Artigo 9.

Poderán ser públicas as sesións dos demais órganos complementarios e entidades municipais, nos termos previstos na lexislación e nas regulamentacións ou acordos plenarios polos que se rexan.

Artigo 10.

Cando algunha das asociacións ou entidades ás que se refire o artigo 8, desexe efectuar unha exposición perante o Pleno en relación con algún punto da orde do día no que interveña como interesado ou por delegación na tramitación administrativa, poderá expoñer o seu parecer, a través dun único representante, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Para os efectos anteriores, a solicitude dirixida ao alcalde deberá presentarse no Rexistro municipal cando menos un día hábil de antelación á celebración do Pleno, debendo constar nela unha sucinta motivación do pedimento así como os datos da persoa que, de ser autorizada, realizaría a exposición.

A Alcaldía, transmitindo o acordo da xunta dos voceiros municipais, autorizará ou denegará o solicitado. De ser concedida, a exposición realizarase nunha única intervención, ao inicio da sesión plenaria, nun tempo que, en función do asunto a tratar, fixará previamente o Alcalde e que, en ningún caso será inferior aos cinco minutos. En cada Pleno haberá un máximo de dúas intervencións.

Artigo 11.

1.-As convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno transmitiránse aos diferentes órganos municipais, ás asociacións de veciños e aos medios de comunicación social. Ademais, faranse públicas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

2.-Sen prexuízo do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Concello dará publicidade resumida ao contido das sesións plenarias e a todos os acordos do Pleno e da comisión de goberno, así como ás resolucións da Alcaldía. Con este fin, expoñeranse as actas das sesións e acordos no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e remitiráselle regularmente a aquelas entidades que figuren no Rexistro Municipal de Asociacións e que o soliciten por escrito.

TÍTULO SEGUNDO.-DAS ENTIDADES VECIÑAIS E DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN

Artigo 12.

1.-De acordo cos seus recursos orzamentarios, o Concello subvencionará economicamente ás asociacións e colectivos cidadáns que teñan como obxectivo a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños/as, tanto no que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

2.-Para estes efectos, o orzamento municipal incluírá unha partida destinada a este fin. O Concello, no exercicio das súas potestades regulamentarias e de autoorganización, aprobará as normas ou bases reguladoras das formas, medios e procedementos de distribución desa partida que, en todo caso, terá en conta a representatividade da asociación, o grao de interese ou utilidade cidadá dos seus fins, a súa capacidade económica autónoma e as axudas que reciban doutras entidades públicas ou privadas.

Artigo 13.

1.-As asociacións e colectivos cidadáns ás que se refire o artigo anterior poderán acceder ao uso de medios públicos municipais, especialmente aos locais sociais, coa limitación que impoña a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello, e serán responsables do trato dado ás instalacións.

2.-O uso de medios públicos municipais deberá ser solicitado ao Concello e coa antelación que establezan os servicios correspondentes.

Artigo 14.

Sen prexuízo do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido aos veciños/as, as entidades a que se refiren os artigos anteriores gozarán dos seguintes dereitos.

a) Recibir información das convocatorias dos órganos colexiados municipais que celebren sesións públicas ou daquelas en que deba estar presente o movemento veciñal. Recibir así mesmo as resolucións e acordos adoptados polos órganos municipais cando afecten ao obxecto social da entidade e esta cumpra as normas establecidas para a súa recepción. Por razóns de axilidade, a información á que se refire o presente artigo será remitida preferentemente por medios electrónicos.

b) Recibir as publicacións, periódicas ou non, que edite o Concello.

Artigo 15.

1.-Os dereitos recoñecidos ás asociacións e colectivos cidadáns para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños/as, só serán exercitables por aquelas que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

2.-O rexistro ten por obxecto permitir ao Concello coñecer o número de entidades existentes no municipio, os seus fins e a súa representatividade, para posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo veciñal.

3.-Poderán solicitar e obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións todas aquelas entidades legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro, de carácter social, deportivo, veciñal, da muller, persoas maiores, xuventude, etc., con domicilio social dentro do municipio de Teo e que neste ámbito xeográfico desenvolvan as súas actividades, que consistirán fundamentalmente na defensa, fomento e mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños/as.

Artigo 16.

1.-A solicitude de inscrición presentarase nas oficinas do Concello.

2.-O Rexistro levarase na Secretaría Xeral da Corporación, a través da oficina de información e os seus datos serán públicos. As inscricións serán realizadas polas asociacións interesadas, que terán que presentar os seguintes datos.

a) Acta da asemblea constituínte da asociación.

b) Estatutos da asociación.

c) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos.

d) Nome e apelidos das persoas que ocupen os cargos directivos.

e) Enderezo social.

f) Orzamento do ano que se anda.

g) Programa de actividades do ano que se anda.

h) Certificación do número de socios.

3.-Para levar a efecto a inscrición, os colectivos cidadáns deberán presentar os seguintes datos.

a) Campo de actuación.

b) Relación nominal de todos os membros que o integran.

O incumprimento destas obrigas deixará en suspenso a inscrición no Rexistro e poderá determinar a baixa do mesmo.

Artigo 17.

1.-No prazo de quince días desde a solicitude de inscrición, e agás que se teña que interromper para presentar documentación non incluída inicialmente, o Concello notificará á asociación o seu número de inscrición e, a partir dese momento, considerarase de alta para todos os efectos.

2.-As asociacións e colectivos cidadáns inscritos están obrigados a manter os seus datos ao día, notificando cantas modificacións se produzan no prazo máximo dun mes. O orzamento, o balance económico do exercicio anterior e o programa anual de actividades comunicaranse durante o primeiro trimestre de cada ano.

3.-O incumprimento destas obrigas dará lugar a que o Concello poida dar de baixa á asociación no Rexistro.

Artigo 18.

No caso de que existan ou se creasen no futuro, as asociacións e colectivos cidadáns inscritos teñen dereito a propoñer os seus propios representantes nos consellos de administración e noutros órganos executivos dos padroados, sociedades, empresas públicas, fundacións, organismos autónomos e demais fórmulas de xestión dos servicios públicos municipais, de acordo co establecido nos regulamentos ou estatutos respectivos.

TÍTULO TERCEIRO.-DO CONSELLO DE RELACIÓNS VECIÑAIS

Artigo 19.

Co fin de desenvolver os obxectivos de participación, constituirase o Consello de Relacións Veciñais, que estará integrado polos seguintes membros.

Presidente: o alcalde ou quen legalmente o substitúa.

Vicepresidente executivo: o concelleiro-delegado desa área de goberno.

O concello invitará a todos os colectivos e asociacións inscritos no Rexistro de Asociacións do Concello a participar no Consello de Relacións Veciñais e, en consecuencia, serán Vocais do mesmo:

Un representante de cada un dos grupos municipais integrantes da Corporación.

Un representante de cada unha das asociacións e colectivos cidadáns incluídos no Rexistro municipal que o soliciten

Un representante de cada unha das asociacións empresariais ou profesionais constituídas no Concello de Teo que o soliciten

Un representante de cada un dos sindicatos que teña constituída agrupación local no Concello de Teo que o soliciten

O secretario será o do Concello, ou o funcionario municipal no que delegue.

Artigo 20.

Os membros da Corporación que formen parte do Consello de Relacións Veciñais serán designados polo Pleno do Concello a proposta de cada grupo municipal.

Artigo 21.

1.-O Consello de Relacións Veciñais reunirse, ordinariamente, unha vez por semestre, e, con carácter extraordinario, por convocatoria do seu presidente ou cando así o solicite un tercio calquera dos seus membros.

2.-Os acordos adoptaranse por maioría simple.

3.-De cada reunión que se celebre redactarase unha acta na que consten os nomes dos membros asistentes, os asuntos examinados e os dictames emitidos.

4.-Para a válida constitución do Consello, requírese a asistencia da metade máis un do número legal de membros. En segunda convocatoria poderá constituírse o Consello sempre que estean presentes, polo menos, un tercio dos seus membros.

5.-O Consello de Relacións Veciñais poderá dotarse dun regulamento de funcionamento que deberá ser aprobado, en todos os seus extremos polo pleno da Corporación municipal. Do mesmo xeito, poderá formar no seu seo as comisións de estudo que considere convenientes.

Artigo 22.

Son funcións do Consello de Relacións Veciñais:

- a) Proporlle ao órgano competente fórmulas encamiñadas a resolver os problemas relacionados co ámbito das súas funcións.
- b) Emitir informes, por iniciativa propia ou do Concello, sobre materias da súa competencia.
- c) Emitir e formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servicios e organismos públicos municipais.
- d) Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello, para ser discutidas nas comisións informativas municipais correspondentes.

Artigo 23.

O funcionamento do Consello de Relacións Veciñais axustarase ao previsto para os órganos colexiados no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O voto dos membros do Pleno será persoal e non delegable, recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares.

Ás sesións poderán asistir en calidade de asesores aqueles especialistas, técnicos ou persoeros que a presidencia ou a maioría do Pleno consideren necesaria, que participarán con voz pero sen voto.

TÍTULO CUARTO.-DA INICIATIVA CIDADÁ

Artigo 24

1.-Calquera persoa, ben no seu propio nome ou mediante entidades ou asociacións, poderá propor unha iniciativa.

2.-A través da iniciativa cidadá, os veciños/as poderán solicitar do Concello a execución dunha determinada actividade de competencia e interese público municipal.

3- Das iniciativas cidadás presentadas darase conta na comisión informativa que corresponda.

4 O concello, a través da concellería correspondente dará resposta a cantas iniciativas sexan presentadas comunicando ao asinante da proposta a aceptación ou desestimación da mesma.

5 - O Concello poderá requirir dos proponentes das iniciativas cidadás a contribución de informacións complementarias cando o considere necesario e mesmo a presenza do asinante ou dalgún representante na comisión informativa que entenda da proposta.

Artigo 24.

Na redacción dos seus orzamentos anuais, o Concello terá en conta as iniciativas cidadás aprobadas, avaliando aquelas que se consideren de interese para podelas levar a cabo.

TÍTULO QUINTO.-DA PARTICIPACIÓN NOS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAIS

Artigo 25.

As entidades veciñais, asociacións e colectivos cidadáns poderán realizar calquera tipo de proposta que estea relacionada con temas que afecten ao seu núcleo de poboación, á súa competencia sectorial ou de interese xeral. estas propostas terán que ser presentadas por escrito para que sexan tramitadas e resoltas polos órganos competentes.

Artigo 26.

As entidades veciñais, asociacións e colectivos cidadáns que cumpran os requisitos fixados por este regulamento, poden intervir nas comisións informativas nas mesmas condicións ca no Pleno da Corporación, cando na orde do día figuren asuntos que afecten a estes colectivos, solicitando previamente da alcaldía, e especificando a representación do colectivo a intervir. A tal extremo será de aplicación o previsto no artigo 10, parágrafo 3.

TÍTULO SEXTO. DA PARTICIPACION CIDADÁ NA ELABORACION DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS

Artigo 27.

O concello promoverá un regulamento específico que desenvolva e defina as condicións nas que, de xeito progresivo, os diversos colectivos cidadáns poidan participar activamente na elaboración dos orzamentos municipais en materias que sexan do seu especial interese, que respondan a unha sensibilidade social nidiamente detectada ou obedezan a criterios de interese social.

Disposicións adicionais.

1.-O Pleno do Concello, en virtude das súas atribucións establecidas no artigo 22.2.b da Lei de réxime local e o artigo 69 da Lei de administración local de Galicia, poderá crear outros órganos desconcentrados se as peculiaridades xeográficas de organización do termo municipal así o aconsellan, para facilitar a participación dos veciños nas zonas periféricas.

2.-En todo o non previsto por este regulamento estaríase ao disposto nas seguintes normas:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril; Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, do 28 de novembro de 1986; Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común; e Lei reguladora do dereito de petición, Lei 92/1960, do 22 de decembro.

3.-O procedemento de revisión ou modificación axustarase ao establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Disposicións transitorias

1.- Coa finalidade de actualizar os datos contidos no Rexistro Municipal de Asociacións, estas deberán remitir ao concello a información que lles será requirida, nun prazo máximo de dous meses a partir da entrada en vigor do presente Regulamento.

2.- Para obter o dereito a formar parte do Consello de Relacións Veciñais, será necesario ter actualizada a información á que se fai referencia no parágrafo anterior, e que consistirá na actualización dos datos básicos que permitan a súa identificación, a da súa actividade e, en xeral, a requirida para a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións.

3. Poderán incorporarse ao Consello de Relacións Veciñais, con posterioridade á súa constitución, aquelas asociacións de nova inscrición que o soliciten por escrito, así como aquelas que tendo dereito no momento da súa constitución optaran por non facelo, sempre que cumpran as esixencias establecidas no presente Regulamento.

4 O Consello de Relacións Veciñais constituirase no prazo máximo de tres meses a partir da entrada en vigor do presente Regulamento.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Regulamento de Participación Veciñal no Concello de Teo, de data 28 de setembro de 2000, e as súas modificacións posteriores, que se substitúen polo presente regulamento.

Disposición final.

Este regulamento entrará en vigor coa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, e tramitarase de acordo co procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.